



**CONCELLO DE BOQUEIXÓN**  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

---

## **ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO**

**Lugar:** Casa do Concello  
**Día:** 19 de febreiro de 2015  
**Hora de comezo:** 13.40 h  
**Hora de remate:** 14.15 h

### **ASISTENTES:**

Don Jesús Sanjúas Mera  
Don Manuel Mouriño Varela  
Don Jesús J. Santasmarinas Devesa  
Dona Raquel García Fraga

### **AUSENTES:**

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Jesús Sanjúas Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

### **ORDE DO DIA**

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Solicitude subvención de equipamento de emerxencias á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**
- 3. Aprobación e aboamento da factura número 2009, en relación co sinistro de referencia 8431215006969**
- 4. Balance do Centro Rural Agrupado Vedra-Boqueixón, ano 2014**
- 5. Balance da Escola Infantil Municipal, ano 2014**
- 6. Aprobación de facturas**
- 7. Financiamento do convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago de Compostela**
- 8. Concesión de axuda de emerxencia social**
- 9. Xustificación do programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais 2014**
- 10. Alta nos servizos de abastecemento e saneamento**
- 11. Adxudicación do contrato do subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción**

## **12. Execución expediente de reposición da legalidade urbanística no lugar de Sergude**

## **13. Rogos e preguntas**

### **DELIBERACIÓNS**

#### **1.Aprobación da acta anterior**

Por unanimidade acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 5 de febreiro do 2015.

#### **2.Solicitud de subvención de equipamento de emerxencias á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**

A Orde do 28 de xaneiro de 2015 (DOG número 20 do 30 de xaneiro de 2015) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, establece as bases reguladoras para a adxudicación, en réxime de concorrencia competitiva, de equipamentos de emerxencia, aos concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, que contén con Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

O equipamento que se cederá distribúese nas seguintes liñas de axuda:

- Liña 1: 40 vehículos todoterreo tipo pick-up
- Liña 2: 40 vehículos furgóns para transporte e loxística.
- Liña 3: 40 remolques para a atención ás emerxencias.
- Liña 4: 16 embarcacións pneumáticas de salvamento e rescate, das cales 8 son embarcacións de 3,95 a 4,5 metros de eslora e 8 de máis de 5,20 metros de eslora.
- Liña 5: 30 espaxedores de sal adaptados a remolques ou vehículos todoterreo.
- Liña 6: 20 remolques con carpa presurizadas para posto de mando avanzado.

O número de unidades de cada unha das liñas de axuda podería ser incrementado, en función dos resultados obtidos na licitación para a súa adquisición.

Cada solicitante deberá pedir por orde de preferencia o equipamento das liñas, de acordo coas súas necesidades, e, en función da súa puntuación, concederáselle o solicitado ata o límite de existencia, de acordo cos seguintes criterios:

- a. As entidades solicitantes das liñas de axuda 1, 2 e 3, so poderán asignárselles o equipamento dunha delas salvo que se cumprise a situación do punto c).
- b. Pola contra, si poderán levar equipamento das demais liñas, se cumpren os requisitos, e unha vez que foran atendidas todas as peticións en primeira ronda, sempre e cando quedasen existencias.
- c. De darse o caso, de quedar existencias das liñas 1, 2 e 3, unha vez resoltas todas as peticións de acordo cos dous apartados anteriores, poderase conceder aos solicitantes das liñas 1, 2 e 3 un segundo vehículo ou remolque de emerxencias, si estivese recollido na súa solicitude, seguindo a orde establecida de puntuación ata fin de existencias.

- d. Os beneficiarios de equipamento das liñas 1 e 2 comprométense a aceptar a cesión de terminais TETRA da nova rede de comunicacións de emerxencias da Xunta de Galicia que, nun número máximo de tres e, en función das existencias, cederá esta Administración co compromiso por parte das entidades beneficiadas de facerse cargo do seu mantemento.

Para ser beneficiario de ditas axudas nas bases reguladoras citadas esíxese que

- a. Que o solicitante teña unha agrupación de voluntarios de protección civil inscrita no rexistro de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme a Lei 5/2007, do 7 de maio, e o Decreto 56/2000, do 3 de marzo. ou que tivesen presentada oficialmente a solicitude de inscrición neste, quedando neste caso condicionada á concesión da subvención á efectiva inscrición, segundo se establece no artigo 59 e concordantes do Decreto 56/2000, do 3 de marzo. Esta condición debe cumprirse, como moi tarde, no último día do prazo de presentación de solicitudes.
- b. Ter presentadas as contas a que se refire o artigo 208 e seguinte do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, correspondentes ao exercicio orzamentario 2013 no Consello de Contas de Galicia.
- c. Que non teñan recibido axudas por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para o mesmo fin nos últimos tres anos para o equipamento da mesma tipoloxía.
- d. No caso das mancomunidades ou agrupación de concellos os servizos de emerxencia e protección civil deberán prestarse de xeito mancomunado. A presentación de solicitude de forma conxunta e mancomunada é incompatible coas solicitudes individuais dos concellos que a compoñen.

Tendo en conta que o Concello de Boqueixón reúne tódolos requisitos necesarios para a solicitude, a Xunta de Goberno acorda:

**1.-** Solicitar á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a seguintes liñas de subvención según as necesidades existentes:

- 1st) Liña 3: remolque para a atención ás emerxencias.
- 2nd) Liña 5: espaxedor de sal adaptados a remolques ou vehículos todoterreo
- 3rd) Liña 6: remolque con carpa presurizadas para posto de mando avanzado

**2.** Que o concello cumpre cos requisitos esixidos na orde da convocatoria

**3.** Que o concello acorda solicitar a subvención en especie aceptando as condicións e demais requisitos esixidos nesta convocatoria

**4.** Que non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

**5.-** Aceptar integramente os termos e prescricións da citada Orde e facultar a D. Jesús Sanjuás Mera, alcalde do concello, para aceptar a cesión do equipamento, no caso de Resolución favorable da consellería.

6. Que non se está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Estar o día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2 g) da Lei9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

8.- Comunicar esta resolución á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

### **3.Aprobación e aboamento da factura número 2009, en relación co sinistro de referencia 8431215006969**

O 21 de setembro de 2012 produciuse unha alteración eléctrica na casa do concello, ocasionando danos nas instalacións de rede de datos e telefonía, equipos informáticos, centraliña,...

Desde o concello deuse parte á compañía de seguros Reale Seguros para cubrir os danos ocasionados pola incidencia, quedando aperturada co número de sinistro 8431215006969. Procédese a avisar a “Centyc Europa, SL” para reparación dos danos telefónicos e a “Compostela Digital S.L.” para reparación dos danos informáticos.

A empresa “Centyc Europa, SL” procede á reparación dos danos ocasionados na centraliña presentando unha factura por importe de 4.932,92 €.O concello remite dita factura a Reale Seguros para o seu aboamento, e Reale Seguros aboa dita cantidade na conta do concello o 12 de xaneiro de 2013.

A empresa Compostela Digital S.L., procede á reparación dos danos informáticos ocasionados, cuxa valoración de danos ascende a 9473,21 + IVA. O total da valoración co IVE ascende a 11.462,71 €.

Con data 21 de xaneiro de 2015 ingresan, nas arcas municipais, a cantidade de 11.462,71 € procedente de Reale Seguros, para proceder ao seu aboamento á empresa “Compostela Digital, SL”.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a factura que se detalla a continuación e que tivo entrada no concello o 6/02/2015 co número de entrada 15/236:

<b>Razón Social</b>	<b>Nº factura</b>	<b>Data</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
COMPOSTELA DIGITAL SL	2009	03/02/2015	Reparación material electrónico e informático queimado por sobretensión. Sinistro 8431215006969	11.462,71 €

2. Comunicar este acordo ao departamento de tesourería - intervención para que proceda ó seu aboamento, con cargo ó ingreso efectuado pola compañía de seguros Reale Seguros.

#### **4. Balance do Centro Rural Agrupado Vedra-Boqueixón, ano 2014**

O Centro Rural Agrupado Vedra – Boqueixón, que unifica sete escolas unitarias de ambos concellos, púxose en marcha no ano 2006.

Ambos concellos acordaron que os gastos de funcionamento, mantemento, conservación e outros que se poidan xerar na sede do CRA (En Lestedo - Boqueixón), serán asumidos polos concellos a partes iguais.

De acordo co exposto, axúntase relación de facturas de telefonía móbil, electricidade, e combustible así como o custo do persoal de limpeza, que supoñen un total de gastos xerados polo CRA Vedra-Boqueixón, por importe total de **3.372,90 €**, no período que abrangue de xaneiro a decembro do 2014.

O importe total a aboar polo Concello de Vedra (50 %) ascende a 1.686,45 €.

A desagregación é a seguinte:

<b>Conceptos</b>	<b>Gastos Totais</b>
Persoal de limpeza	1.820,71€
Gasóleo calefacción	374,57€
Teléfono móbil	441,91 €
Consumo eléctrico	735,16€
<b>Suma Total</b>	<b>3.372,90 €</b>

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1. Dar conta do balance do Centro Rural Agrupado Vedra-Boqueixón, ano 2014.
2. Que o Concello de Vedra aboe a contía que lle corresponde en relación cos gastos xerados polo Centro Rural Agrupado, que ascenden a un total de **1.686,45 €**.
3. Dar traslado deste acordo ó citado concello para o seu coñecemento e efectos.

#### **5. Balance da Escola Infantil Municipal, ano 2014**

Dáse conta do seguinte balance de ingresos e gastos referido á escola infantil municipal de Boqueixón correspondente ao ano 2014:

##### 1. INGRESOS:

A) Servizos prestados:

XANEIRO	4.939,93
FEBREIRO	5.036,66

MARZO	5.842,21
ABRIL	5.339,09
MAIO	5.133,55
XUÑO	5.246,48
XULLO	5.005,31
AGOSTO	0,00
SETEMBRO	6.447,44
OUTUBRO	4.237,79
NOVEMBRO	4.788,89
DECEMBRO	4.083,69
<b>TOTAL</b>	<b>56.101,04</b>

B) Subvención Consellería da Consellería de Traballo e Benestar: 30.237,12 €

**TOTAL INGRESOS (A + B) 56.101,04 + 30.237,12 = 86.338,16 €**

## 2. GASTOS:

	Persoal	Aliment	Seguros, Gasóleo e Outros	Elect.	Telf.	Mat. Of.+Inf	Totais
Xaneiro	8.862,70	243,43			49,19	38,00	<b>9.193,32</b>
Febreiro	8.862,70	288,57	49,91 1.410,65	568,60	47,63	38,00	<b>11.266,06</b>
Marzo	8.862,70	337,83			47,53	38,00	<b>9.286,06</b>
Abril	8.862,70	247,76		575,86	47,53	38,00	<b>9.790,88</b>
Maio	10.179,35	322,86	571,35		47,51	38,00	<b>11.159,07</b>
Xuño	15.340,90	408,87		425,22	47,40	38,00	<b>16.260,39</b>
Xullo	8.862,70	263,21	33,88		47,80	38,00	<b>9.245,59</b>
Agosto	8.862,70	0,00		294,32	47,40	38,00	<b>9.242,42</b>
Setembro	8.862,70	301,70			52,30	38,00	<b>9.254,70</b>
Outubro	8.862,70	245,94	257,73	526,11	47,89	38,00	<b>9.978,37</b>
Novembro	8.862,70	252,38	145,94		48,84	38,00	<b>9.347,86</b>
Decembro	15340,90	217,20		403,62	48,79	38,00	<b>16.048,51</b>
	<b>120.625,45</b>	<b>3.129,75</b>	<b>2.469,46</b>	<b>2.793,73</b>	<b>579,81</b>	<b>456,00</b>	<b>130.054,20</b>

**TOTAL GASTOS = 130.054,20 €**

## 3. BALANCE:

INGRESOS ( 86.338,16 €) – GASTOS (130.054,20 €) = **43.716,04 €**

## 6.Aprobación de facturas

A.- Por unanimidade acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 12.676,54 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
1	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO S.A	Asistencia técnico-urbanístico xaneiro	151	22700	1.917,85 €
2	FREMAP	Servizo de prevención 01/02-30/04	920	22799	506,65 €
<b>TOTAL</b>					<b>2.424,50 €</b>

Aprobación de facturas pendiente de pago:

	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.	Importe
10	ARTES GRÁFICAS ALONSO	Sobres xulgado	920	22000	70,18 €
11	ARTES GRÁFICAS ALONSO	Libros “Boqueixón música e tradición”	334	22199	2725,40 €
15	ASCENSORES ENOR S.A.	Mantemento ascensor mes de febreiro	920	21300	76,23 €
13	AUTOELÉCTRICO SERGUDE S.C.	Sustituir motor arranque, desconectar baterías 714BSL	162	21300	504,04 €
14	AUTOELÉCTRICO SERGUDE S.C.	Reparar luces remolque	135	21300	34,11 €
12	BENJAMÍN COLLANTES VIEIRO	Funda multitaladro, cinta adhesiva, papael A3,...	920	22000	208,64 €
16	COMERCIAL SÁNCHEZ Y TORRES S.C.	Correas, rolo de fio, aceite ...	171	21300	357,69 €
17	DAVID FERNÁNDEZ NEIRA	Clases de Judo	341	22609	760,17 €
4	DECO IDEAS S.L.	Sillas Cabalgata de Reis	334	22699	605,00 €
1	EDITORIAL COMPOSTELA S.A.	Anuncio servizo de axuda a domicilio	920	22001	235,95 €
2	ESTHER GASAMANS CHENTO	Formación lingüística voluntaria Sarolta Zalan	334	22699	121,50 €
3	ESTHER GASAMANS CHENTO	Formación lingüística voluntaria Teodora Kuzava	334	22699	121,50 €
9	JAIME SOUTO Y OTRO S.C.	Reposición bombillo porta Casa da Cultura	920	21200	64,13 €
6	JOSÉ GONZALO TORRES GIL	ITV 5771DFF	135	21300	46,55 €
5	JUAN MANUEL CORRAL SÁNCHEZ	Liquidación gastos	920	23000	8,29 €
19	MADESA S.L.	Postes , barras ,... vertedeiro de Lamas	171	21000	1996,50 €
7	MANUEL DIAZ EBRA	Digigrafías acquareladas	912	22601	1928,00 €
8	PASCUAL VILLAVERDE NÚÑEZ	Tarxeta de video para cámara	334	22699	35,90 €
18	RICARDO ROMERO PÉREZ	Liquidación de Gastos	920	23000	352,26 €
				<b>TOTAL</b>	<b>10.252,04 €</b>

B.- O día 10 de febreiro, con núm. 15/243, ten entrada no rexistro municipal a factura núm. 25 da empresa Piccadilly School of English,SL, polo concepto das clases de inglés impartidas no mes de xaneiro e tamén se reflicte un libro por importe de 23.25 euros.

No contrato asinado coa dita empresa, especificase que no prezo ofertado por hora de clase (28,00) se atopaba incluído o material necesario para a impartición das clases, polo tanto presentouse a dúbida de se a factura podía estar expedida sin ter en conta dita cláusula contractual.

O traballador do Servizo de Cultura, realiza un informe onde dí que este material facturado trátase dun libro (Book Pet Buster) que se adquiriu para o Servizo de Cultura.

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar por unanimidade a factura núm. 25 expedida por Piccadilly School of English,SL por importe e 2.151,25 euros polo concepto de clases de inglés do mes de xaneiro e a adquisición dun libro para o Servizo de Cultura.

## **7.Financiamento do convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos concellos da área de Santiago de Compostela**

O 8 de setembro de 2014, o Concello de Boqueixón asinou un Convenio de colaboración marco para a xestión compartida da promoción turística conxunta dos Concellos da área de Santiago: A Estrada, Arzúa, Boqueixón, Lalín, Melide, Padrón, Oroso, O Pino, Rois, Santiago de Compostela, Silleda, Touro, Trazo, Val do Dubra, Vedra, Vila de Cruces.

Os concellos asinantes comprométense a fixar un orzamento conxunto para o exercicio 2014 en 45.000 €. No anexo I do convenio achégase o reparto económico para o exercicio 2014, resultante de aplicar a media ponderada dos catros seguintes elementos: poboación, superficie, último orzamento municipal aprobado en pleno e prazas turísticas (capacidade aloxativa), calculados sobre as últimas cifras oficiais anteriores á do ano de aplicación. Polo tanto, do cálculo resultante o concello de Boqueixón ten que aportar 807,75 euros.

Na xuntanza do grupo celebrada o pasado día 3 de novembro de 2014, tal como se reflicte na acta, decidíuse manter as mesmas cantidades de 2014 para as achegas do 2015.

O concello está obrigado a transferir no prazo non superior a dous meses dende o comenzo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponde ó Concello que realiza a xestión ordinaria, que neste caso será realizada polo Concello de Santiago de Compostela, a través da sociedade pública municipal “Información e Comunicación Local, SA” (Turismo de Santiago de Compostela).

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

**1** Que se proceda a realizar a transferencia bancaria ó número de conta designado para facer os pagos dos Concellos de Área de Santiago, polo importe de 807,75 euros que lle corresponde o Concello de Boqueixón:

Entidade: ABANCA

Enderezo Oficina: Oficina de Institucións, Montero Ríos, 9, 1º e 2º, 15701 Santiago de Compostela

IBAN: xxxxxx

CCC: xxxxxx

Entidade Beneficiaria: Información e Comunicación Local, S.A (Turismo de Santiago de Compostela), Rúa do Vilar, 63. 15705 Santiago de Compostela (A Coruña).

NIF. xxxxxx

**2** Poñer en coñecemento á Tesouraría e á Intervención do Concello, para que proceda a realizar a transferencia bancaria e todos os trámites necesarios nos termos indicados e informar deste acordo a todas as partes implicadas.

## **8. Concesión de axuda de emerxencia social**

Acordo concesión de axuda de emerxencia social

## **9. Xustificación do programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais 2014**

Con data do 26 de xuño de 2014 solicitouse á Deputación Provincial da Coruña a través da Convocatoria de financiamento de cuadrilla de obras ou servizos mínimos municipais dirixidos a concellos da Provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes no exercicio



2014 (BOP número 109, do 10 de xuño de 2014) para a contratación de 1 oficial de 2ª e 2 peóns de albanel.

Mediante Resolución de Presidencia número 13.986 de aprobación o programa de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio 2014, publicada no BOP. núm 137 con data do 21 de xullo de 2014, subvencionase a esta entidade unha axuda económica por importe de 11.895,61 euros para a contratación dunha cuadrilla de obras e servizos municipais 2014: 1 oficial de 2ª e 2 peóns. Código de expediente: 2014990001170.

Con data do 03/09/2014 esta entidade recibíuse na conta de ABANCA o importe de 5.947,80 euros da axuda económica aprobada, en concepto de anticipo do 50%.

Con data do 15 de setembro por resolución de alcaldía aprobouse as bases de convocatoria para a contratación de dita cuadrilla. De dito proceso selectivo foron contratados os seguintes peóns de albanel: Fidel Balo Mosquera, Emilio José Vázquez Costa; e o seguinte albanel oficial de 2ª: José Ferreiro Ferreiro. Por un período de 3 meses dende o 1 de outubro ou 31 de decembro de 2014, cunha xornada de 25 horas semanais.

O prazo de xustificación rematará o 31 de maio de 2015.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1º Aprobar e imputar os salarios brutos e as seguridade social da empresa dos traballadores contratados, como peóns de albanel: Fidel Balo Mosquera, Emilio José Vázquez Costa; e o como albanel oficial de 2ª: José Ferreiro Ferreiro.

2ª Que a relación clasificada dos pagos realizados ós traballadores contratados é a seguinte:

Datos do traballador	Nome e apelidos: JOSÉ FERREIRO FERREIRO		CIF: xxxxx		Categoría profesional: ALBANEL OFICIAL DE 2ª	
	Mes: OUTUBRO DE 2014 Nº días: 31		Mes: NOVIEMBRE DE 2014 Nº días: 30		Mes: DICIEMBRE DE 2014 Nº días: 31	
		Data e forma de pago		Data e forma de pago		Data e forma de pago:
Total devengado (25 h. semanais)	1.007,51 €	Data: 27/10/2014 TRANSFERENCIA BANCARIA	1.007,51 €	Data: 25/11/2014 TRANSFERENCIA BANCARIA	1.199,93 €	Data: 23/12/2014 TRANSFERENCIA BANCARIA
Seguridade social a cargo da empresa (25 h. semanais)	380,84 €	TC 28/11/2014 TRANSFERENCIA BANCARIA	380,84 €	TC 11/11/2014 TRANSFERENCIA BANCARIA	453,58 €	TC 30/01/2015 TRANSFERENCIA BANCARIA
Total mes	1.388,35 €		1.388,35 €		1.653,51 €	

Datos do	Nome e apelidos: EMILIO JOSÉ VAZQUEZ COSTA	CIF: xxxxx	Categoría
----------	--	------------	-----------

traballador						profesional: PEÓN ALBANEL
	Mes: OUTUBRO 2014 Nº días: 31	Mes:NOVEMBRO DE 2014 Nº días: 30	Mes:DECEMBRO DE 2014 Nº días:31			
		Data e forma de pago		Data e forma de pago		Data e forma de pago:
Total devengado (25 h. semanais)	935,00 €	Data: 27/10/2014 TRANSFE RENCIA BANCARIA	935,00 €	Data: 25/11/2014 TRANSFE RENCIA BANCARIA	1.113,59 €	Data: 23/12/2014 TRANSFERENCIA BANCARIA
SS a cargo da empresa (25 h. semanais)	353,43 €	TC 28/11/2014 TRANSFE RENCIA BANCARIA	353,43 €	TC 11/11/2014 TRANSFE RENCIA BANCARIA	420,95 €	TC 30/01/2015 TRANSFERENCIA BANCARIA
Total mes	1.288,43€		1.288,43 €		1.534,54 €	
Datos do traballador	Nome e apelidos: FIDEL BALO MOSQUERA			CIF:xxxxx		Categoría profesional: PEÓN ALBANEL
	Mes: OUTUBRO DE 2014 Nº días: 31	Mes:NOVEMBRO DE 2014 Nº días: 30	Mes: DECEMBRO DE 2014 Nº días: 31			
		Data e forma de pago		Data e forma de pago		Data e forma de pago:
Total devengado (25 h. semanais)	935,00 €	Data: 27/10/2014 TRANSFEREN CIA BANCARIA	935,00 €	Data: 25/11/2014 TRANSFEREN CIA BANCARIA	1.113,59 €	Data: 23/12/2014 TRANSFERENCI A BANCARIA
SS a cargo da empresa (25 h. semanais)	353,43 €	TC 28/11/2014 TRANSFEREN CIA BANCARIA	353,43 €	TC 11/11/2014 TRANSFEREN CIA BANCARIA	420,95 €	TC 30/01/2015 TRANSFERENCI A BANCARIA
Total mes	1.288,43 €		1.288,43 €		1.534,54 €	

**3ª.-** Que para este mesmo obxecto, non se obtiveron outras subvencións ou ingresos de ningún tipo.

**4ª.-** Declarar que esta entidade local fixo constar a colaboración da Deputación en toda a información á que se refire a base 7, relativa á actividade subvencionada.

**5ª.-** Que a contratación foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concurrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

**6ª.-** Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos investimentos realizados e dos resultados obtidos.

**7ª.-** Declarar que esta entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo de presentación de xustificación.

**8ª.-** Que o gasto xustificado e obxecto de axuda, se reflectiu, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da Entidade, segundo o establecido o artigo 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións e o establecido no apartado 9 das Bases de convocatoria de subvención dirixidas ós concellos e outras entidade locais da Deputación Provincial da Coruña, ano 2014.

**9ª.-** Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

## **10. Alta nos servizos de abastecemento e saneamento**

### A) Alta en abastecemento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de abastecemento, segundo o regulamento do servizo municipal de abastecemento, inclúense como beneficiaria do servizo á persoa que se relaciona a continuación.

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DNI/CIF</b>	<b>ENDEREZO INMOBLE</b>	<b>TAXA</b>
Begoña xxxxx	xxxxx	xxxxx Lestedo	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

**1º-** Dar de alta no servizo de abastecemento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento.

A alta concedida a dona Begoña xxxxx é para vivenda e a taxa de abastecemento foi aboada pola promotora da construción, “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

**2º-** Notificar este acordo á beneficiaria

### B) Alta en saneamento

Cumpridas as condicións necesarias para poder autorizar a acometida á rede municipal de sumidoiros, segundo o regulamento do servizo municipal de saneamento, inclúese como beneficiaria de dito servizo á usuaria que se relaciona a continuación:

<b>NOME E APELIDOS</b>	<b>DNI/CIF</b>	<b>ENDEREZO INMOBLE</b>	<b>TAXA</b>
Begoña xxxxx	xxxxx	xxxxx Lestedo	54,86 €

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda :

**1º-** Dar de alta no servizo de saneamento á persoa que se detalla na relación anterior, establecendo a taxa correspondente que se rexerá pola Ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento.

A alta concedida a dona Begoña xxxxx é para vivenda e a taxa de saneamento foi aboada pola promotora da construción “Vitra Breogán SCG” o 28/12/2007.

**2º-** Notificar este acordo á beneficiaria

## **11.Adxudicación do contrato do subministro, mediante renting, de 3 equipos multifunción**

Na Xunta de Goberno do día 4 de decembro de 2014, acordouse iniciar o expediente de contratación mediante o procedemento negociado sen publicidade do subministro mediante renting de 3 equipos multifunción.

Na mesma sesión, acórdase enviar invitación ás seguintes empresas:

Canon  
Xestión Dixital Compostela, SLU  
Ofinolta  
Ricoh España, SL  
FOGA

O día 11 de decembro envíase, vía correo electrónico, as invitacións ás citadas empresas, e tamén se publica a licitación no perfil do contratista da páxina web municipal.

O día 19 de decembro, presentan as súas ofertas as empresas Canon e Ricoh España, SL, e o día 22 de decembro faino a empresa FOGA.

O día 21 de xaneiro ten entrada no rexistro municipal o correspondente informe valorando as ofertas presentadas e tendo en conta os pregos aprobados para o efecto.

Na Xunta de Goberno do día 29 de xaneiro, clasifícanse as ofertas presentadas e dase conta do informe técnico que a continuación se transcribe literalmente:

### **INFORME DE OFERTAS PRESENTADAS**

#### **ASUNTO: VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDUREMTO NEGOCIADO, DO SUBMINISTRO, MEDIANTE RENTING, DE 3 EQUIPOS MULTIFUNCIÓN PARA O CONCELLO DE BOQUEIXÓN**

Contratistas:

1. VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.
2. RICOH ESPAÑA, S.L.U.
3. FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial, informa que examinadas as documentacións presentadas na licitación do subministro de referencia, ao seu xuízo, e en función dos criterios contidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, a valoración alcanzada en cada un dos criterios é o que segue:

	Empresas	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	RICOH ESPAÑA, S.L.U.	FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.
Criterios de valoración	Val max.			
Oferta económica para o	46	20,91	20,73	46

consumo estimado				
Oferta económica para o exceso de copias	4	4	1,80	3,97
Nivel de calidade do servizo	20	20	0	7,5
Software de xestión	10	10	10	10
Formación e asistencia técnica aos usuarios	10	10	10	10
Velocidade de escaneado	5	5	5	5
Resolución	5	5	5	5
<b>TOTAL -&gt;</b>	<b>100</b>	<b>74,91</b>	<b>52,53</b>	<b>87,47</b>

Boqueixón, xaneiro de 2015  
O Enxeñeiro Técnico Industrial  
Fdo.: Pablo Rojo Losada

## INFORME SOBRE A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS

### ASUNTO: CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO, DO SUBMINISTRO, MEDIANTE RENTING, DE 3 EQUIPOS MULTIFUNCIÓN PARA O CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial, informa que para a valoración das ofertas dos distintos contratistas, realizouse o estudo das mesmas en base a seguinte descomposición dos criterios contidos no “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO, DO SUBMINISTRO, MEDIANTE RENTING, DE 3 EQUIPOS MULTIFUNCIÓN PARA O CONCELLO DE BOQUEIXÓN”.

No apartado 10.- PROCEDIMIENTOS DE ADXUDICACIÓN do prego antes mencionado se indican os criterios que rexeran a valoración do concurso. A continuación se repasan todos os puntos xustificando as puntuacións obtidas por cada empresa.

#### **1. Oferta económica consumo estimado ..... ata 46 puntos**

*Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto orzamento para o consumo estimado e puntuacións proporcionais ao resto, mediante aplicación da seguinte fórmula”.*

$$\text{Puntos}(i) = \frac{\text{Baixa}(i)}{\text{BaixaMáxima}} * \text{PuntuaciónMáxima}$$

O valor estimado da contratación a realizar sen incluír o IVE ascende a 31.440,00 euros (7.860,00 €/ano durante catro anos) segundo o apartado 10.1. do prego.

#### As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. presenta unha oferta cun importe de: 24.734,40 €

RICOH ESPAÑA, S.L.U. presenta unha oferta cun importe de: 24.792,00 €

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. presenta unha oferta cun importe de: 16.686,08 €

#### Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

Baixa máxima = 31.440,00 – 16.686,08 € = 14.753,92€

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

$$\text{Puntos(i)} = \frac{31.440 - 24.734,40}{14.753,92} * 46 \text{ puntos} = \frac{6.705,60 \text{ €}}{14.753,92 \text{ €}} * 46 \text{ puntos} = 20,91 \text{ puntos}$$

RICOH ESPAÑA, S.L.U.

$$\text{Puntos(i)} = \frac{31.440 - 24.792}{14.753,92} * 46 \text{ puntos} = \frac{6.648,00 \text{ €}}{14.753,92 \text{ €}} * 46 \text{ puntos} = 20,73 \text{ puntos}$$

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

$$\text{Puntos(i)} = \frac{31.440 - 16.686,80}{14.753,92} * 46 \text{ puntos} = \frac{14.753,92 \text{ €}}{14.753,92 \text{ €}} * 46 \text{ puntos} = 46 \text{ puntos}$$

..... ata 4 puntos

## 2. Oferta económica exceso de copias

Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto orzamento para o exceso de copias e puntuacións proporcionais ao resto, mediante aplicación da seguinte fórmula”.

$$\text{Puntos(i)} = \frac{\text{Baixa(i)}}{\text{BaixaMáxima}} * \text{PuntuaciónMáxima}$$

O valor estimado da contratación a realizar sen incluír o IVE ascende a 312,00 euros/ano segundo o apartado 5.1. do prego.

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. presenta unha oferta cun importe de: 86,70 €

RICOH ESPAÑA, S.L.U. presenta unha oferta cun importe de: 210,60 €

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. presenta unha oferta sen indicar o importe total, pero indica os seguintes prezos: 0,00658 euros por páxina en branco e negro e 0,03378 euros por páxina en cor. Sabendo que o exceso previsto en número de páxinas é de: 5.700 páxinas en branco e negro e 1.500 páxinas en cor, obtense a seguinte cantidade: 5.700 pax.\* 0,00658 €/pax + 1,500 pax \* 0,03378 = 37,51 €+ 50,67 € = 88,18 €

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

Baixa máxima = 312 – 86,70 € = 225,30 €

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

$$\text{Puntos(i)} = \frac{312 - 86,70}{225,30} * 4 \text{ puntos} = \frac{225,30 \text{ €}}{225,30 \text{ €}} * 4 \text{ puntos} = 4 \text{ puntos}$$

RICOH ESPAÑA, S.L.U.

$$\text{Puntos(i)} = \frac{312 - 210,60}{225,30} * 4 \text{ puntos} = \frac{101,40 \text{ €}}{225,30 \text{ €}} * 4 \text{ puntos} = 1,80 \text{ puntos}$$

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

$$\text{Puntos(i)} = \frac{312 - 88,18}{225,30} * 4 \text{ puntos} = \frac{223,82 \text{ €}}{225,30 \text{ €}} * 4 \text{ puntos} = 3,97 \text{ puntos}$$

..... ata 20 puntos

## 3. Nivel de calidade do servizo

Este apartado divídese en tres subapartados:

- Tempo de resolución de incidencias (10 puntos).
- Tempo de entrega de consumibles (5 puntos).
- Tempo de resposta ante incidencias (5 punto).

Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao parámetro de calidade de

servizo establecido no prego, e puntuacións proporcionais ao resto, mediante a aplicación da seguinte fórmula”.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{\text{Baixa}(i)}{\text{BaixaMáxima}} * \text{PuntuaciónMáxima}$$

Non se atopa no prego os parámetros de calidade de servizo. Polo que se realizará a valoración dando a maior puntuación a mellor oferta, a menor puntuación á peor oferta e o resto de valores existentes serán proporcionais.

- As ofertas presentadas para o tempo de resolución de incidencias son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta un tempo máximo de 4 horas.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta un tempo máximo de 8 horas.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta un tempo máximo de 8 horas.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta o menor tempo de resposta polo tanto se lle outorga a puntuación máxima 10 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta o maior tempo de resposta polo tanto se lle outorga a puntuación mínima 0 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta o maior tempo de resposta polo tanto se lle outorga a puntuación mínima 0 puntos.

- As ofertas presentadas para o tempo de entrega de consumibles son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta un tempo máximo de 0 horas, segundo a oferta presentada, o propio equipo solicita os consumibles antes de que se esgoten e habrá un xogo completo de cartuchos para reposición.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta un tempo máximo de 8 horas.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta un tempo máximo de 4 horas.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta o menor tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación máxima 5 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. esta empresa oferta o maior tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación mínima 0 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta un tempo de entrega de consumibles igual a 4 horas no medio das outras dúas ofertas, polo tanto se lle outorga a metade da puntuación 2,50 puntos.

- As ofertas presentadas para o tempo de resposta ante incidentes son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta un tempo máximo de 1 horas.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta un tempo máximo de 4 horas.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta un tempo máximo de 1 horas.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. oferta o menor tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación máxima 5 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. oferta o maior tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación mínima 0 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. oferta o menor tempo de entrega de consumibles polo tanto se lle outorga a puntuación máxima 5 puntos.

..... **ata 10 puntos**

#### **4. Software de xestión**

*Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que poña a disposición do concello un software de xestión centralizada que permita todas as funcionalidades que se indican de seguido, restando os puntos que se indican no caso de que o software ofertado non dispoña dalgunhas das indicadas”.*

- *Control de usuarios e consumo realizado (3 puntos).*
- *Control do estado dos equipos (2 puntos).*
- *Automatización de incidencias (3 puntos).*
- *Integración co directorio activo (2 puntos).*

A xuízo do técnico que subscribe considerase suficientemente acreditada a existencia dun software de xestión centralizada, se así se indica explicitamente na documentación entregada.

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

- Control de usuarios e consumo realizado: aplicación Universal Login Sistem.
- Control do estado dos equipos: software de RUI interface do usuario remota.
- Automatización de incidencias: software de xestión eMaintenance.
- Integración co directorio activo: si.

RICOH ESPAÑA, S.L.U.

- Control de usuarios e consumo realizado: ferramenta SafeCom, xestión de usuarios, grupos e centros de coste.
- Control do estado dos equipos: ferramenta SafeCom, xestión e administración técnica dos diferentes equipos.
- Automatización de incidencias: ferramenta SafeCom,
- Integración co directorio activo: si

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

- Control de usuarios e consumo realizado: software PaperCut + AMR + Rexistro en equipos (mediante buzóns).
- Control do estado dos equipos: software AMR.
- Automatización de incidencias: software AMR.
- Integración co directorio activo: software PaperCut.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. puntuación máxima 10 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. puntuación máxima 10 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. puntuación máxima 10 puntos.

..... **ata 10 puntos**

## **5. Formación e asistencia técnica aos usuarios**

*Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que poña a disposición do concello un servizo de formación e apoio á explotación durante toda a vixencia do contrato tal como se describe no apartado de Formación do prego de prescricións técnicas, e puntuación nula ao resto”*

No prego de prescricións non se describe as necesidades para o servizo de formación, polo tanto para valorar este apartado considerouse que o servizo debería ter unha formación inicial ao usuario e un servizo de atención durante toda a vida útil dos equipos.

Todas as ofertas presentadas presentan un plan de formación adecuado as necesidades antes mencionadas.



Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. puntuación máxima 10 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. puntuación máxima 10 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. puntuación máxima 10 puntos.

..... **ata 5 puntos**

## 6. Velocidade de escaneado

*Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente o maior incremento na velocidade de escaneado para os equipos, mediante a aplicación da seguinte fórmula”*

$$\text{Puntos}(i) = \frac{\text{Ratio}(i) - 50}{20} * \text{PuntuaciónMáxima}$$

Ratio(i) é o valor mínimo entre 70 e a máxima velocidade de escaneado ofertada.

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. 120 documentos por minuto.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. 80 documentos por minuto.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. 156 documentos por minuto, con orixinais a dobre cara.

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{70 - 50}{20} * 5 \text{ puntos} = 5 \text{ puntos}$$

RICOH ESPAÑA, S.L.U.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{70 - 50}{20} * 5 \text{ puntos} = 5 \text{ puntos}$$

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.

$$\text{Puntos}(i) = \frac{70 - 50}{20} * 5 \text{ puntos} = 5 \text{ puntos}$$

..... **ata 5 puntos**

## 7. Resolución

*Para a valoración deste apartado considerase o seguinte: “Asignaráselle a máxima puntuación á oferta que presente un nivel de resolución de 1 millón de puntos ou superior e puntuación nula ao resto”*

$$\text{NivelResolución} = \text{ResoluciónX (dpi)} * \text{ResoluciónY (dpi)}$$

ppp (puntos por pulgada) = dpi (dots per inch)

As ofertas presentadas son as seguintes

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. 1200 ppp \* 1200 ppp.

$$\text{NivelResolución} = 1.200 \text{ ppp} * 1.200 \text{ ppp} = 1.440.000 \text{ ppp} > 1.000.000 \text{ ppp}$$

RICOH ESPAÑA, S.L.U. 1.200 \* 1.200 dpi.

$$\text{NivelResolución} = 1.200 \text{ dpi} * 1.200 \text{ dpi} = 1.440.000 \text{ dpi} > 1.000.000 \text{ dpi}$$

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. 1.800 \* 600 ppp

$$\text{NivelResolución} = 1.800 \text{ ppp} * 6200 \text{ ppp} = 1.080.000 \text{ ppp} > 1.000.000 \text{ ppp}$$

Polo tanto as puntuacións para cada empresa son as seguintes:

VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A. puntuación máxima 5 puntos.

RICOH ESPAÑA, S.L.U. puntuación máxima 5 puntos.

FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L. puntuación máxima 5 puntos.

Boqueixón, xaneiro de 2015

O enxeñeiro técnico industrial  
Fdo.: Pablo Rojo Losada

A continuación, transcríbese a clasificación das empresas, tendo en conta o informe de valoración das ofertas. As puntuacións quedan do seguinte xeito:

Criterios de valoración	FORNECEMENTOS GALEGOS, S.L.	VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A.	RICOH ESPAÑA, S.L.U.
Oferta económica para o consumo estimado	46	20,91	20,73
Oferta económica para o exceso de copias	3,97	4	1,80
Nivel de calidade do servizo	7,5	20	0
Software de xestión	10	10	10
Formación e asistencia técnica aos usuarios	10	10	10
Velocidade de escaneado	5	5	5
Resolución	5	5	5
TOTAL ->	87,47	74,91	52,53

O día 3 de febreiro o envío e comunicación á empresa que

presentou a mellor proposta económica, Fornecementos Galegos,SL para que presente a documentación sinalada no prego, con efectos de adxudicar o contrato.

O día 13 de febreiro entrega a documentación sinalada e tamén presenta o correspondente aval.

Polo tanto, cumprindo coa lei de contratos na que se dí que se debe adxudicar o contrato no prazo de 5 días hábiles, que se contarán desde que a empresa presente a documentación solicitada, a Xunta de Goberno acorda:

1 Adxudicar o contrato do subministro de 3 equipos multifunción á empresa Fornecementos Galegos, polos seguintes importes ofertados:

Aluguer de 3 equipos: 200,67 euros/mes

Custo páxinas b/n: 0.00658

Custo páxinas en cor: 0.03378

O prezo dos excesos será o mesmo que o sinalado anteriormente.

2 Comunicar á empresa que no prazo de 15 días hábiles se asinará o correspondente contrato de servizos cunha duración de 1 ano prorrogable por outros 3.

## 12.Execución expediente de reposición da legalidade urbanística no lugar de xxxxx-Sergude

### Antecedentes:

1º.- A Xunta de Goberno, en sesión realizada con data do 4 de decembro de 2014, acordou:  
a.- Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística, en relación coas obras realizadas por don Nilo xxxxx, na finca nº 486, do polígono 72 do catastro (referencia

catastral nº.: 15012A072004860000ET), sita no lugar da xxxxx, na parroquia de San Verísimo de Sergude (Boqueixón – A Coruña), consistentes na execución dun muro de formigón armado, para silo forraxeiro, situado a unha distancia de 2,30 metros do eixe da vía pública.

- b.- Comunicar esta resolución ó interesado, indicándolle que, no prazo de 15 días hábiles, poderá formular as alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estime convenientes.

2º.- Dentro do prazo concedido, non se presentaron alegacións de ningún tipo.

3º.- Con data do 10 de febreiro de 2015, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos servizos técnicos urbanísticos municipais, emítase un novo informe técnico, con relación as obras de execución do muro de formigón armado, para silo forraxeiro, situado a unha distancia de 2,30 metros do eixe da vía pública, e que literalmente di:

*Realizada visita ó lugar, con data do 10 de febreiro de 2015, compróbase que sobre o muro non se realizou ningún tipo de actuación, polo que mantense a situación que propiciou o inicio do expediente.*

4º.- Tal e como se indica no informe técnico de data do 21/11/2014, a liña do peche da parcela, terá que emprazarase como mínimo a 5 metros do eixe da vía pública.

#### Fundamentos de dereito:

1. O artigo 209.4 da Lei 9/2002 da ordenación urbanística e protección do medio rural modificada pola Lei 2/2010 de 25 de marzo. Este artigo establece que o procedemento iniciado para a reposición da legalidade urbanística, deberá resolver no prazo dun ano contado dende a data de acordo de iniciación.

2. Este mesmo artigo no seu apartado 5) establece que, “se transcorrido o prazo de tres meses, desde o requirimento o interesado, non solicitou a oportuna licenza ou se é o caso, non axustase as obras ás condicións sinaladas nela, ou na orde de execución acordarase a demolición das obras a custa do interesado e impedirá definitivamente os usos os que desen lugar. Procederase de igual modo no suposto de que a licenza fose denegada por se-lo seu outorgamento contrario á legalidade”.

O apartado 6), do citado artigo, establece que “no caso de incumprimento da orde de demolición, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela, ou á execución forzosa mediante imposición de multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograla execución polo suxeito obrigado en contía de 1.000 a 10.000 € cada unha”.

Por todo o cal, e tendo en conta que o Sr. xxxxx non solicitou licenza municipal para a execución dun muro de formigón armado, para silo forraxeiro, e que as referidas obras de execución non son legalizables, por non cumprir o recuamento co camiño público existente, a Xunta de Goberno acorda:

1- Ordenar a demolición do muro de formigón armado, para silo forraxeiro, situado a unha distancia de 2,30 metros do eixe da vía pública, executado sobre a finca nº.: 486, do polígono 72 do catastro (referencia catastral nº.: 15012A072004860000ET, sita no lugar da xxxxx, na parroquia de San Verísimo de Sergude (Boqueixón - A Coruña), por non ter a licenza municipal de obras, e por non respectar a distancia mínima ao eixe do camiño público ao que da fronte.

2- Requirir ao interesado, para que no prezo de UN MES, desde o recibo desta notificación, proceda a restituír a realidade ilicitamente alterada, realizando as actuacións anteriormente indicadas.

3- Comunicar ao interesado, que unha vez transcorrido o prazo concedido, sen atender ao requirimento efectuado por este concello, procederase coa execución subsidiaria, da demolición ordenada, ao seu cargo.

### **13.Rogos e preguntas**

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como Secretaria.

A secretaria

Visto e prace  
O alcalde